O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo os puntos 2,3,4 e 5 da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno concreto.

Segundo: Flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.

Terceiro: Que si se plantexa modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados, ante os lexítimos representantes de todos os españois, dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado. (Art. 1.4 da Lei 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma excepción e sitio).

Cuarto: Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión de 20 de abril de 2020 na que estivo presente o Presidente do Goberno e na que se acordou que non se plantesaxen cambios no Congreso sen estar previamente consensuados coas Entidades Locais.

8.3.-Moción presentada polo grupo municipal Oroso Renovable para agradecer os servizos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Oroso.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que a Asociación de Voluntarios de Protección Civil leva uns meses facendo un traballo moi importante por iso o motivo de traer esta moción.

PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que nas comisión de seguimento da COVID xa dixemos que estábamos a favor e remarcamos a importancia destes servizos.

Non existindo mais intervención o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) da lectura á moción:

“A declaración do estado de alarma polo Goberno o pasado 14 de marzo derivada da pandemia orixinada polo coronavirus COVID19 obrigou a implementar medidas excepcionais que mobilizaron os recursos humanos do voluntariado de protección civil de xeito transversal.

As funcións de protección civil teñen o soporte xurídico do Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil do Concello de Oroso publicado definitivamente no BOP número 33 do 10/02/2003.

As tarefas do grupo de protección civil con arranxo o seu Regulamento estanse focalizando durante estas semanas nos aspectos sociais relacionados co reparto de máscaras, colaboración para respectar as medidas de distanciamento social nos espazos públicos, reparto de loxística entre os establecementos comerciais para reiniciar a actividade, atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social, mostras de cercanía hacia os mais cativos da casa nos días dos seus cumpreanos, pasarrúas por diante dos domicilios para ir descontando os días de confinamento social na fase mais profunda, limpeza de beirarrúas, labores de vixilancia e patrulla.

Estas funcións engádense a outras prestadas habitualmente polo grupo de protección civil como vixilancia e protección de eventos festivos, funcións de auxilio social, retirada de niños de velutina, sinalización de incidencias viarias, tarefas derivadas das continxencias orixinadas polas alertas meteorolóxicas.

Entendemos que a cidadanía de Oroso a través dos grupos municipais do Concello de Oroso debe recoñecer esta conduta meritoria e agradecer de xeito unánime nunha votación pública toda a dedicación das persoas que integran a agrupación municipal de voluntarios de protección civil do Concello de Oroso.

PLENO

En referencia ao exposto nos parágrafos anteriores propónse o seguinte acordo plenario:

Primeiro: Que a Corporación do Concello de Oroso reunida en pleno agradeza publicamente a man alzada os servizos prestados polo grupo de protección civil do Concello de Oroso dende o pasado 14 de marzo.

Segundo: Que se actúe para mellorar a loxística de intervención do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Terceiro: Que se promocióne a adhesión de recursos humanos ó grupo de protección civil do Concello de Oroso e se intensifique a súa formación e cualificación.

Cuarto: Que se incremente a dotación orzamentaria do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Quinto: Que o concello de Oroso siga presentándose a todas as convocatorias públicas de subvencións cuxa finalidade sexa aumentar os recursos loxísticos e económicos do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Sexto: Que se dea traslado do acordo á agrupación de voluntarios de protección civil.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que agradece o apoio a Protección Civil e que van a aprobar esta moción porque son cousas que xa se veñen facendo desde hai tempo. Se fala na moción de material e o Concello todos os anos está a inverter en material, teñen teres vehículos e o ano pasado a Xunta de Galicia nos deu un remolque con material. Este ano o Concello inverteu 7.000 euros en traxes. Afirma que valoran positivamente que o resto dos grupos vexan este traballo. Considera que unha vez pase a pandemia se tería que facer un verdadeiro recoñecemento por parte do Concello ás persoas de Protección Civil.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que se pretende que se recoñeza por un lado o traballo da xente de protección civil e por outro lado como medio propio do Concello que se lle dote de máis medios.

Non existindo máis intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: unha (Luís Rey Villaverde PSdeG-PSOE non se visualiza no momento da votación), adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Que a Corporación do Concello de Oroso reunida en pleno agradeza publicamente a man alzada os servizos prestados polo grupo de protección civil do Concello de Oroso dende o pasado 14 de marzo.

Segundo: Que se actúe para mellorar a loxística de intervención do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Terceiro: Que se promocióne a adhesión de recursos humanos ó grupo de protección civil do Concello de Oroso e se intensifíque a súa formación e cualificación.

Cuarto: Que se incremente a dotación orzamentaria do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Quinto: Que o concello de Oroso siga presentándose a todas as convocatorias públicas de subvencións cuxa finalidade sexa aumentar os recursos loxísticos e económicos do grupo de protección civil do Concello de Oroso.

Sexto: Que se dea traslado do acordo á agrupación de voluntarios de protección civil.

8.4.-Moción presentada polo grupo municipal de Oroso Renovable para apoiar a estrutura económica e produtiva do Concello de Oroso.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o que se pretende é recoñecer os sectores produtivos do Concello e apoialos.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

PLENO

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen procede a dar lectura á moción presentada:

“a declaración do estado de alarma o pasado 14 de marzo polo Goberno como consecuencia da pandemia orixinada polo coronavirus COVID19 supuxo o peche temporal e inmediato da gran maioría dos establecementos comerciais do noso concello durante un período aproximado de dous meses e en consecuencia da paralización da noite para a mañá da actividade económica e comercial.

O tecido produtivo do Concello de Oroso pódese agrupar en base ás seguintes directrices:

- 1) O sector agrario e forestal do Concello de Oroso.
- 2) O polígono industrial do Concello de Oroso.
- 3) As actividades industriais e empresariais distribuídas polo territorio do Concello de Oroso.
- 4) A actividade comercial o pé da estrada N-550 e dos establecementos de servizos de todo o Concello de Oroso.
- 5) Os recursos turísticos, gastronómicos e ambientais do Concello de Oroso.

Vivimos un presente de incertidumes no que é complicado intuír como vai condicionar a pandemia do COVID19 o devir da actividade económica local.

Por iso entendemos que o Concello de Oroso a través do seu pleno e dos grupos políticos que o integran deben actuar como un axente de impulso e confianza para recuperar o dinamismo económico desas directrices que configuran a estrutura económica de Oroso e que a súa vez son xeradores de riqueza e benestar par ao noso concello.

A pirámide poboacional do Concello de Oroso cunha ampla base de poboación xuvenil e en idade activa xunto coa nosa ubicación xeográfica no contexto da Comunidade Autónoma de Galicia son os dous elementos nos que debemos apoiarnos para albiscar as próximas semanas e meses na confianza de que merece a pena seguir loitando para sacar adiante os proxectos persoais, familiares e empresariais.

En referencia ao exposto nos parágrafos anteriores propónse o seguinte acordo plenario:

Primeiro: Que os grupo políticos aprobemos unha moción de apoio ao emprendemento e a toda a actividade económica do Concello de Oroso.

Segundo: Que dende o Concello de Oroso actuemos na análise e implementación de todas as medidas de carácter fiscal que no ámbito

PLENO

das facendas locais contribúan a facilitar a solvencia económica dos establecementos comerciais e da actividade empresarial produtiva.

Terceiro: Que dende o Concello de Oroso intensifiquemos as compras no pequeno comercio local.

Cuarto: Que dende o Concello de Oroso promocionemos os recursos turísticos, ambientais e gastronómicos.

Quinto: Que se dea traslado do acordo ás entidades e asociacións industriais e comerciais do Concello de Oroso.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que desde o Concello de Oroso se están a facer moitas destas cousas, así bonificamos aos emprendedores subvencionando o IBI os primeiros anos e o ICIO ata o 80% e as taxas ata o 90%. Na promoción turística levamos traballando antes incluso de que o camiño inglés estivera recoñecido. Igualmente outro tema importante a nivel de turismo é a vía verde. Un tema que si temos pendente é o tema dos rios que temos que ir da man da Xunta de Galicia. O tema de apoiar ao comercio tamén estamos aí, xa falamos con eles pero existe un feito claro que é a competencia que xera as grandes superficies comerciais de Santiago que están a dez minutos. En canto á hostalería en canto podamos faremos grandes eventos que son os que atraen á xente. Para saír desta situación temos que implicarnos todos, Concello, Xunta, Estado e Unión Europea.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo non ten problema en apoiar esta moción e en todo caso recorda a necesidade de convocar a Comisión Informativa de Contas para tratar a concesión de axudas ás PEMES e aos comerciantes.

O Sr. Alcalde afirma que imos seguir reuníndonos semanalmente e vendo as medidas que se poden adoptar pero é necesario que se aprobe o orzamento municipal, para poder implementar moitas das medidas. Considera que por moito incentivo que demos os concellos non imos ser quen de reactivar a economía local e é necesario que sexa unha actuación conxunta de todas as Administracións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

PLENO

Abstencións: ningunha (0 votos), adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Que os grupo políticos aprobemos unha moción de apoio ao emprendemento e a toda a actividade económica do Concello de Oroso.

Segundo: Que dende o Concello de Oroso actuemos na análise e implementación de todas as medidas de carácter fiscal que no ámbito das facendas locais contribúan a facilitar a solvencia económica dos establecementos comerciais e da actividade empresarial produtiva.

Terceiro: Que dende o Concello de Oroso intensifiquemos as compras no pequeno comercio local.

Cuarto: Que dende o Concello de Oroso promocionemos os recursos turísticos, ambientais e gastronómicos.

Quinto: Que se dea traslado do acordo ás entidades e asociacións industriais e comerciais do Concello de Oroso.”

8.5.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE e polo BNG relativa ao canon da auga.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que é un tema de urxencia que o canon da auga se utilice para beneficiar verdadeiramente aos concellos neste intre.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) da lectura á moción:

“os concellos somos a administración mais próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Os Concellos somos os que estamos a soportar de forma mais directa as causas desta pandemia e consecuentemente a atención dos nosos veciños.

PLENO

Queremos por tanto reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que é o momento de sumar e achegar fondos ós Concellos.

En varias ocasións trouxemos a este pleno que o canon da auga teña un reparto mais xusto para os nosos veciños e mesmo reverta en parte de forma directa nos veciños de cada concello.

Entendemos que este é un momento importante para facer chegar e sumar estes fondos para as necesidades que se nos presentan que son moitas.

Recordamos que no Concello de Oroso se está a recadar por este canon cerca de 100.000 euros anuais dos que nos últimos anos non se recibe ningunha inversión. E estamos a falar de 700.000 euros dende o ano 2012.

Polo que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios de igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan a cabo en cada concello, e que estes fondos sexan destinados polos concellos en programas e actuacións de axuda aos sectores mais afectados, familias vulnerables e afectadas, autónomos, empresarios, hostaleiros...en definitiva por a disposición do Concello de Oroso uns recursos que xeramos e que mais que nunca necesitamos.”

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que respecta esta moción e que non sabe se é posible destinar eses fondos a tales fins, pero que en todo caso vai a votar a favor.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que efectivamente polo que se di na moción Augas de Galicia está a recadar un imposto do Concello de Oroso pero consideramos que estes fondos deberían ir principalmente ao auga e así por exemplo arranxar a EDAR que foi considerado o seu funcionamento por augas de Galicia como malo, máxime nun concello como Oroso que é o concello dos seis ríos. Igualmente o tema da SOGAMA da auga que xa foi tratado noutro pleno, teríamos que buscar un camiño para ter un trato preferente con Augas de Galicia xa que temos moitos ríos.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) agradece o apoio dos grupos municipais, afirma que a filosofía da moción é o momento en que nos atopamos e que non quere abrir un debate sobre Augas de Galicia ou sobre a EDAR se non simplemente reclamar que uns fondos que son

PLENO

nosos se reinvestan no Concello de Oroso e que se solicite poder destinalos a aquelas persoas que mais teñen sufrido na pandemia.

Intervén o Sr. Alcalde para afirmar que obviamente estamos dacordo con esta moción pero é moi difícil que frutifique porque se tería que cambiar a lei de augas. Afirmo que estivo nunha reunión para ver si se creaba a SOGAMA da auga pero finalmente non se chegou a un acordo dos concellos coa Xunta. En canto á EDAR efectivamente non está adaptada polo paso do tempo pero no orzamento do 2020 vai unha partida para a mellora da mesma e para mellorar a calidade da auga que se bebe. Afirmo que en domicilios necesitados nos que se está a condonar o recibo da auga a Xunta si que cobra o canon da auga. O Concello leva esperando catro anos a que a Xunta arranxe a EDAR e como non o fai vai ter que ser o Concello o que o faga.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo vaise abster xa que pola afección fiscal ve difícil que esta moción se poida levar a cabo.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: dúas (2 OR), adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios de igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan a cabo en cada concello, e que estes fondos sexan destinados polos concellos en programas e actuacións de axuda aos sectores mais afectados, familias vulnerables e afectadas, autónomos, empresarios, hostaleiros...en definitiva por a disposición do Concello de Oroso uns recursos que xeramos e que mais que nunca necesitamos.”

8.6.-Moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE e polo BNG para apoiar a solicitude dos representantes das cafeterías dos centros escolares derivada do andazo da COVID-19.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que a representante da cafetería do IES pídenos apoio nesta cuestión e é iso polo que se trae esta moción.

PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) procede a dar lectura á moción:

“A suspensión das actividades lectivas presenciais levou consigo que, dun día para outro, deixaran de ter ingresos, a esta constatación hai que unir o feito de que, tras a posta en marcha da nova normativa aplicable ás cafeterías escolares, os postos de traballo nunca estean seguros nin sequera a medio prazo. Pero nesta ocasión o certo é, que nin sequera sábese cando retomar a actividade profesional, por iso solicitamos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Apoiar a reivindicación das cafeterías dos centros escolares derivada do andazo da COVID-19 dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional.”

Continúa sinalando D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) que no supostos de que a estas cafeterías se lles renove a concesión teñen moitos problemas para abrir xa que son interiores e non teñen terraza.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que por agora o que se puido facer foi devolverlles o canon dos meses que non estiveron abertas, desde a Xunta de Galicia están mirando como se lles pode compensar dalgún xeito pero non poden condonarlles o tempo xa traballado.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que isto é unha consecuencia da pandemia, pero se falamos disto temos que falar tamén das perdas na hostalería local pola cancelación da festa da troita, do camiño inglés ou da falta de actividades os fins de semana...é dicir toda a hostalería sufriu perdas pola situación.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que toda a hostalería efectivamente sufriu perdas pero agora está aberta sen embargo estas cafeterías non poden e segundo nos dixeron a Xunta de Galicia non lles vai a prorrogar os contratos.

PLENO

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que cre que procede o apoio a esta xente.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún.

Abstención: seis (4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Apoiar a reivindicación das cafeterías dos centros escolares derivada do andazo da COVID-19 dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional

8.7.-Moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE e polo BNG para a adaptación e reforzo dos centros educativos do Concello de Oroso ante a nova normalidade derivada do andazo da COVID-19.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que se trata dunha moción para solicitar que se adapten todos os centros escolares á situación que nos ven a partir de setembro.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Continúa D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) dando lectura á moción:

“Dende que a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o pasado 30 de xaneiro que a situación en relación ao coronavirus (COVID-19) supoñía unha emerxencia da saúde pública de importancia internacional, a rápida evolución da enfermidade supuxo a declaración como pandemia a nivel mundial o pasado 11 de marzo. Isto obrigou a adoptar diferentes medidas orientadas a protexer a saúde e seguridade da cidadanía, de maneira que permitise conter a progresión da enfermidade. Estas medidas derivaron ata a declaración do estado de alarma no estado español mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

PLENO

Nesta situación, o acordo adoptado pola Conferencia Sectorial de Educación do 15 de abril de 2020 establece que: “O Ministerio de Educación e Formación Profesional e as Consellerías responsables das Comunidades Autónomas deseñarán plans de continxencia para responder a posibles novos períodos de alteración na actividade lectiva provocada pola Covid-19”.

Nesta liña, en previsión de posibles escenarios de evolución do andazo da COVID-19, o BNG e o PSOE de Oroso, pensa que é acaído que a Consellería de Educación teña en conta as diferentes necesidades dos centros educativos do noso Concello. O obxectivo é resolver eivas xa detectadas, así como anticipar a dotación dos medios e protocolos necesarios que dean resposta ás novas esixencias derivadas desta situación sanitaria

Parece pois, imprescindible establecer unhas medidas de adaptación e reforzo dos centros educativos, mais tendo en conta a posibilidade real da existencia de novos casos que obriguen ou ben a desenvolver a actividade educativa mantendo a distancia interpersoal cun menor número de alumnos e alumnas nas aulas, ou ben que a situación sanitaria supoña un novo confinamento.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que abra novas liñas educativas no CEIP Camiño Inglés e no CEIP Sigüeiro que permitan asegurar o distanciamento interpersoal do alumnado nas aulas.

Tendo en conta as medidas de distanciamento social requiridas e recomendadas polas autoridades sanitarias para evitar o contaxio da COVID19 é preciso unha distancia de seguridade interpersoal de 2 metros. Neste senso, nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Oroso (CEIPP Camiño Inglés e CEIPP Sigüeiro) conta con instalación e con espazo físico suficiente para a apertura de novas liñas educativas que permitan un menor número de alumnado por aula.

Segundo: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que garanta unha correcta dotación tecnolóxica, que permita o acceso a internet e dispoñibilidade de medios informáticos (ordenadores, impresoras...) ao alumnado do Concello de Oroso.

Durante a actual situación de confinamento provocada polo coronavirus constatouse a existencia dunha importante fenda dixital e carencia de medios informáticos que, nalgúns casos, impediu o seguimento normal das programacións didácticas do alumnado do noso concellos, sendo imposible que puidesen realizar as tarefas, establecer videoconferencias co profesorado, acceder a aulas virtuais,

PLENO

etc...Ante esta situación, as solucións e medios achegados por parte da Xunta de Galicia foros escasos e insuficientes, tendo que ser compensadas estas necesidades por parte da Concellaría de Mulleres, Ensino e Benestar Social do Concello de Oroso e, en colaboración coa Cruz Vermella, a través da xestión para proporcionar dispositivos que lles permitisen a conexión a internet. Do mesmo xeito, mentres se xestionaba a cesión destes medios, a través do Concello facilitóuselles o acceso ás tarefas escolares achegándollelas a aqueles usuarios que o solicitasen.

Do mesmo xeito é preciso un reforzo de competencias dixitais do profesorado e do alumnado, que permita un correcto desenvolvemento, seguimento, control e apoio da actividade docente cando esta teña que facerse a distancia.”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que é certo que existe unha fenda dixital sobre todo no rural e por aí poderíamos estar dacordo co punto segundo pero non así co de desdobrar as liñas porque iso suporía aumentar os profesores e non hai cartos polo que nos parece imposible. Existe unha comisión creada polo Estado para ver como se retoman as clases pero aínda non poden dicir nada xa que ninguén sabe como vai ser e como se vai a poder levar a cabo.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que na resolución que saíu ata o momento se fala de 14 nenos por aula o que nos levaría a telos que levar ao pavillón, o que pedimos é o desdoblamento xa que temos clases de 27 nenos por aula. Nos están dicindo que é probable que a metade teñan que estar en casa e a metade presencial e consideramos que o profesor é moi importante para o alumnado.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo está dacordo nas dúas propostas pero considera que mais que solicitar á Xunta de Galicia o que podería facer a concelleira sería reunirse cos directores dos centros e coas AMPAS e ver que medidas se poden implantar. Non sabemos por exemplo como se vai a ter que facer cos comedores ou co transporte. No caso de que se establezan quendas presenciais non ve mal que os nenos se vaian adaptando aos entornos dixitais xa que é o que lles ven no futuro.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que non está para nada en contra da dixitalización da educación pero considera que os nenos tamén teñen que socializar. Considera que a dixitalización debe ser unha alternativa ou un complemento pero contando cos medios

PLENO

necesarios, e reitera que é necesario o desdoblamento que é unha competencia da Consellería que non pode decidir o Concello.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que non están a pedir nada que non pediran xa no momento en que se creou o colexio. Como nas outras mocións nos atopamos nun momento excepcional no que considera que se deben demandar medidas que xa se tiñan que ter implantado antes pero agora con mais motivo. Claro que estamos en contacto cos directores e coas AMPAS, precisamente hoxe a concelleira ten unha reunión con elas, e precisamente por iso, porque o demandan, traemos esta moción.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que esta demanda non está para nada reñida co impulso do teletraballo e da ensinanza dixital e en todo caso é unha demanda permanente dos centros escolares de Oroso.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o seu grupo non vai a cambiar a súa postura porque lle parece precipitado solicitar isto cando non se sabe como vai a empezar o curso, ninguén o sabe.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que bendito problema que ten o Concello de Oroso tendo problema de aulas iso significa que temos moita poboación en idade escolar. Reitera que non comparte a política de andar pedido a outras Administracións.

O Sr. Alcalde afirma que probablemente hoxe sexa o pleno onde en mais incoherencias entramos, non podemos os Concellos asumir mais competencias das que xa temos e non podemos asumir as competencias da Consellería de Educación. O Concello pon e dispón dos espazos e o que non pode e facer o traballo da Consellería de Educación. O Concello está facendo moitas cousas en materia de conciliación familiar, pero ao final a competencia en materia de educación é da Xunta de Galicia, por iso temos que solicitarlle a ela este tipo de cuestións. O Concello non pode arranxar a escola da galiña azul porque é competencia da Xunta por exemplo.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: seis (4 do PP e 2 de OR), adopta o seguinte acordo:

PLENO

Primeiro: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que abra novas liñas educativas no CEIP Camiño Inglés e no CEIP Sigüeiro que permitan asegurar o distanciamento interpersoal do alumnado nas aulas.

Tendo en conta as medidas de distanciamento social requiridas e recomendadas polas autoridades sanitarias para evitar o contaxio da COVID19 é preciso unha distancia de seguridade interpersoal de 2 metros. Neste senso, nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Oroso (CEIPP Camiño Inglés e CEIPP Sigüeiro) conta con instalación e con espazo físico suficiente para a apertura de novas liñas educativas que permitan un menor número de alumnado por aula.

Segundo: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que garanta unha correcta dotación tecnolóxica, que permita o acceso a internet e dispoñibilidade de medios informáticos (ordenadores, impresoras...) ao alumnado do Concello de Oroso.

Durante a actual situación de confinamento provocada polo coronavirus constatouse a existencia dunha importante fenda dixital e carencia de medios informáticos que, nalgúns casos, impediu o seguimento normal das programacións didácticas do alumnado do noso concellos, sendo imposible que puidesen realizar as tarefas, establecer videoconferencias co profesorado, acceder a aulas virtuais, etc...Ante esta situación, as solucións e medios achegados por parte da Xunta de Galicia foron escasos e insuficientes, tendo que ser compensadas estas necesidades por parte da Concellaría de Mulleres, Ensino e Benestar Social do Concello de Oroso e, en colaboración coa Cruz Vermella, a través da xestión para proporcionar dispositivos que lles permitisen a conexión a internet. Do mesmo xeito, mentres se xestionaba a cesión destes medios, a través do Concello facilitóuselles o acceso ás tarefas escolares achegándolles a aqueles usuarios que o solicitasen.

Do mesmo xeito é preciso un reforzo de competencias dixitais do profesorado e do alumnado, que permita un correcto desenvolvemento, seguimento, control e apoio da actividade docente cando esta teña que facerse a distancia.”

9.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que antes de iniciarse o turno de rogos e preguntas quería facer un recoñecemento e felicitación ao equipo de tenis de mesa feminino que ascendeu á máxima categoría e igualmente ao Deixebre que tamén conseguiu o ascenso.

PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) solicita que se poña unha delimitación e un paso de peatóns na Estación e igualmente que se proceda a pintar dous no cruce das Tabernas.

Igualmente dentro dos rogos quere solicitar que por parte dos grupos políticos se renuncia á asignación económica dada a situación que estamos a vivir. Igualmente solicita que o seu grupo sexa recibido polo Alcalde no seu despacho como xa solicitaron noutras ocasións.

Pregunta igualmente cal é o motivo polo que se deixaron de publicar os contratos menores que se viñan publicando trimestralmente. Quere preguntar tamén por que se pon unha bancada no campo de fútbol de Oroso e considera que isto é un fraccionamento do obxecto do contrato. Pregunta igualmente por que o grupo de goberno se fotografía coa obra da cuberta da piscina que é unha obra que pagamos todos.

O Sr. Alcalde afirma que toma nota dos rogos. En canto á publicación dos contratos menores afirma que descoñecía que non se estaban a publicar e que non o levan eles. Considera que non existe ningún fraccionamento do obxecto do contrato na bancada do campo de fútbol e en canto ao tema da foto afirma que se quere tamén a pode facer D. José Manuel Mirás Pulleiro. Considera que o que fai dano non son as fotos se non as cousas que se publican que non son verdade, recoméndalle a D. José Manuel Mirás Pulleiro que non diga que todo é negativo porque a xente non lle vai a crer xa que en Oroso hai cousas que se fan ben.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen súmase á felicitación realizada por D. Antonio Leira Piñeiro e quereda que o Concello apoiase ao equipo de tenis de mesa para que efectivamente poidan competir na máxima categoría o que supón un incremento dos gastos. Continúa sinalando que os donos do edificio Compostela comentáronnos que se escoita moito ruído dos camións polo badén que existe cando pasan os camións, e solicita a ver si se pode buscar unha solución. Solicita a creación da xunta de voceiros. Respecto das reunións do COVID cos equipos deportivos considera que sería bo que nestas estiveran tamén os membros da oposición. Na glorietta da foca pedimos que se coloquen proteccións e o sistema de semáforos que está alí instalado solicita a ver se é posible trasladalo a outro lado. Solicita igualmente que se amplíe o horario da biblioteca municipal cumprindo en todo caso as normas de seguridade, para que os estudantes poidan acudir neste tempo. Igualmente afirma que no refuxo está a herba altísima e solicita que se proceda á rozar a mesma. En canto ás preguntas, pregunta se a nova rotonda vai a quedar así.

PLENO

O Sr. Alcalde responde que se vai a adecentar un pouco, xa está contratada unha empresa.

Pregunta igualmente D. Alexander Doval Expósito (PP) como está a tramitación da obra do centro cultural.

O Sr. Alcalde responde que están pendentes do Consello Consultivo que nos conteste, e unha vez podamos rescindir o contrato teremos que facer unha nova licitación para o que resta.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o pasado día 14 aconteceu un incidente entre o Sr. Alcalde e unha veciña e quereríamos saber que pasou.

O Sr. Alcalde afirma que cre que con esa persoa non hai arranxo posible. Afirma que é o Alcalde lexitimamente elixido e que non hai motivo para que lle dean con 20 euros nos beizos e afirma que el non se meteu con ela para nada.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) para sinala que na súa anterior intervención non se lembrou de felicitar tamén ao Xuvenil de Oroso que quedou tamén campión.

Intervén por último D. Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE) que afirma que en relación á cuestión dos semáforos que comentou D. Alexander Doval Expósito xa se está en elo.

O Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 12:10 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe. Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.